



Concello de Oza-Cesuras

EDICTO CONSULTA PÚBLICA PREVIA

Este concello considera necesario que se proceda ao establecemento dunha ordenanza para a protección e conservación dos camiños en nas vías públicas municipais en relación coas operacións de corta e saca de madeira.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas – LPACAP - con carácter previo á elaboración da Ordenanza, debe substanciarse unha consulta pública previa para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola futura norma sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En consecuencia, sométense a consulta pública previa á elaboración da ordenanza para a protección e conservación dos camiños en nas vías públicas municipais en relación coas operacións de corta e saca de madeira os seguintes aspectos:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

O uso dos camiños e vías públicas municipais en condicións óptimas é un dereito de toda a comunidade de usuarios e esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de madeira dos montes e parcelas do concello, tanto públicos como privados, xa que son por todos coñecidos os importantes danos e desperfectos que ás veces ocasionan estas actividades nos nosos camiños.

O concello, consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Oza-Cesuras, no que atinxe á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A actividade madeireira ten suma importancia no concello de Oza-Cesuras debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais.

En ocasións como consecuencia das operacións de saca de madeira, que comprenden tanto as actuacións preparatorias como as posteriores de transporte e/ou traslado, ocasionan danos e desperfectos nas camiños e vías públicas municipais.

Polo tanto, a aprobación da ordenanza para a protección e conservación dos camiños





Concello de Oza-Cesuras

nas vías públicas municipais en relación coas operacións de corta e saca de madeira é necesaria, conveniente e oportuna para manter os camiños e as vías municipais, en especial as de acceso ás zonas forestais por resultar as máis afectadas polas operacións de corta e saca de madeira, en perfecto estado.

c) Obxectivos da normativa:

Regular o uso que dos camiños e vías públicas de titularidade municipal se realiza no exercizo da actividade forestal consistente na corta e saca de madeira dentro do termo municipal de Oza-Cesuras para facela compatible coa preservación do medio natural, dos bens municipais e da seguridade viaria.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

Non se detectaron outras solucións alternativas regulatorias ou non regulatorias que poidan substituír os efectos da ordenanza reguladora que se pretende establecer.

Durante os dez días hábiles seguintes á publicación do presente edicto, os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán presentar as súas opinións neste concello.

Oza-Cesuras, na data que figura na sinatura electrónica.

O Alcalde

Asdo./ José Pablo González Cacheiro

